

Xavier Alcalá

ENTRE FRONTEIRAS

QUE A MIÑA MAN, SEÑOR, NON TREMA

“Plantou o Señor Deus un xardín no Edén, da banda de Oriente, e puxo alí o home que formara. E ordenou o Señor ao home dicindo: de toda árbore do xardín comerás libremente, mais da árbore da ciencia do ben e do mal, dela non comerás; porque, no día en que dela comeres, certamente morrerás”.

Morrerás, si.

Tanta morte houbo ata chegar á miña idade que morrer xa non significa susto senón espera, ou, como moito, aviso cando se coñece algún falecemento próximo...

Desde hai anos veño a remoer a forma dunha declaración, dun relato en que se mostre canto foron a miña vida e as vidas dos que comigo avanzaron a contrafío, a contrafé, incorrectamente aos ollos dos demais. Fun adiando o esforzo de pluma e papel, de documentos e fotografías, dos recordos que obrigan a revivir angustias, e fíxeno por pudor; non por vergoña. Porque nós, os crentes, nada precisamos ocultar, nin diante dos homes nin moito menos diante do Creador, que nos quere libres malia o pecado orixinal do que participamos.

Pudorosamente calaba eu mentres me acusaba de tentar a Deus coa ociosidade da man que aínda teño firme, hábil para a caligrafía da profesión que aprendín con orgullo. Tentaba a Deus porque El, calquera día, pode decidir o final das miñas horas.

Todo humano sente cando alcanzou o punto da existencia en que cada amanecer novo é un divino presente. Por iso digo que tentaba a Deus, e que o tento, pois non sei se me chegarán os días e as forzas para cumprir o que me propuxen.

En fin, pídlle ao Altísimo que perdoe a miña negligencia, e que me libre do erro dunha crónica precipitada por medo a non dar escrito canto cómpre desvelar.

E falo de morte:

Hoxe traspasou o arco central do cemiterio un cadaleito soportado por ilustres varóns da vila, rodeado de dignidades da Igrexa Católica Romana, a súa Santa Madre.

Foi en tarde de verán, con recendos de figo e uva aínda verdes. Fíxose longa procesión desde o templo que todo preside, que lembra a unidade de credo da nación española forxada a sangue e lume; e eu, por cortesía, uninme ao séquito dos que me ven distante mesmo que me aperte a eles.

Chiaban as andoriñas no seu revoar quebrado; apenas se escoitaban bisbiseos e pegadas. Cadaquén ía nos seus remoeres, moitos sen dúbida a lembraren as predicacións do defunto; ou — quen sabe — as preguntas que facía no confesionario, as súas recomendacións á alma núa, atribulada polas faltas expostas, as penitencias que aplicaba con ousadía de sacerdote seguro de ser Cristo en funcións de xuíz.

Durante trinta anos don Diego foi o pastor do rabaño ortodoxo da vila; e algo máis: como bo cura, exemplo que a Súa Eminencia o señor arcebispo puña para os demais párrocos, un elemento activo da sociedade civil. Tanto mandaba o abade que conseguiu o que xamais puideramos imaxinar, nin nós nin a xente papista de boa entraña. Deixounos abraidos a cantos sempre respectamos os ósos dos que tiveran carne, riso e pranto, e todo compartiran connosco.

El induciu o atropelo. El determinou o maior desprezo, a maior ofensa contra os enterrados “coma cans” por falta de responso e auga bendita. Hoxe, homes e mulleres de idade mandábanme olladas ao nesgo logo de miraren cara ao portal da esquerda do cemiterio; porque lembran por onde entraban os cadaleitos sen cortexo de cura, acólito e beatas, e onde se cavaran as tumbas dos protestantes en mestura coas de suicidas e “paseados”. Na esquerda do cemiterio estiveron as covas dos marxinais; no centro, túmulos e sepulcros dos fillos de Deus correctos á vista deles mesmos; á dereita, as sepulturas dos “anxiños” e das virxes, esposas de Cristo como se fan chamar.

Pero hoxe á esquerda do camposanto érguense os nichos que din novos.

Situámonos entre eles. Ollámoslos en silencio. Calamos todos, pois sería atentar contra o decoro do acto que alguén dese en berrar aos ceos que aquel abuso non tiña clasificación, nin lugar previo na historia das maldades que uns veciños poidan facer a outros. Porque asoballar os vivos é ruín; pero os vivos, se non se poden defender, polomenos protestan, mentres os mortos nin falar poden...

Ben, deixouse a don Diego no sagrado exclusivo para obedientes a Roma, en nicho provisorio ata que se lle constrúa mausoleo a xeito coa súa dignidade, e fomos voltando, conversando sobre o que ha de seguir, a vida. Nos soportais da Rúa Real fixéronse as últimas despedidas, ata logo e adeus, cadaquén á súa angueira, e Cristo con todos nós malia desavinzas e odios.

Seguín para a casa. A miña muller levantou da costura os ollos negros, lindos, que lle quedan da flor da mocidade, e deixoume pasar sen preguntas; porque eu viña do sepelio de quen a ofendera moito, cegamente. Non falamos. Era mellor calarmos, e perdoarmos en nome de El-Señor.

Casa baleira de fillos e netos en longa tarde de verán. Silencio total no escritorio. Madeiras e libros a cubrir paredes. Letras de ouro no lombo do Libro ante o que mentir é blasfemia.

Mesa limpa e un caderno. Na calendario, a data: 19 de xullo de 1986, cincuenta anos despois daquel día de rumores, de pobo armado, de esperanza nas emisoras de radio aínda fieis á República. Don Diego, defensor do Invicto Caudillo desde a súa igrexa, expiraba onte, aos cincuenta anos do Glorioso Alzamento; e os seus restos descansan mesmo enriba do anaco de terra contra o que se cometeu desacato a leis que non precisan de escritura.

A cerimonia fúnebre desta tarde marca o epílogo dunha historia que nunca se escribiu.

Vaiamos a ela, desde o seu comezo.

Que a miña man, Señor, non trema.